

NO MAR

- LIXO

+ VIDA

SEN LIXO.
CONFRARÍA DE ARCADE
CONTRA O LIXO
MARIÑO

MAR LIMPO,
MAR VIVO



NO MAR

-LIXO

+ VIDA

**SEN LIXO.
CONFRARÍA DE ARCADE
CONTRA O LIXO
MARIÑO**

**MAR LIMPO,
MAR VIVO**


A Confraría de Pescadores de Arcade e a agrupación de marisqueo a pé, conscientes da problemática dos residuos no mar, inician accións de limpeza de lixo mariño nas súas zonas de autorización para o marisqueo.

Proxecto colectivo para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar aos bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

8.000.000

**DE TONELADAS DE PLÁSTICOS REMATAN NOS MARES CADA ANO
ISTO EQUIVALE A TIRAR UN CAMIÓN ENTEIRO DE PLÁSTICO CADA MINUTO**

Composición do lixo nas praias españolas



- Plásticos (70%)
- Papel/cartón (12%)
- Hixiénico-sanitarios (7%)
- Metal (4%)
- Madeira traballada (4%)
- Cerámica (1,3%)
- Outros* (1,7%)





**DO TOTAL DO LIXO
MARIÑO QUE CHEGA AOS
OCÉANOS, ARREDOR DUN
70% SON PLÁSTICOS**

*Téxtil (0,8%), vidro (0,8%), goma (0,6%), residuos médicos (0,3%), pezas de parafina ou cera (0,1%), feces (0,1%)

Fonte: *Basuras marinas*. Ministerio para la Transición Ecológica.





O **63%** do lixo mariño ten unha procedencia terrestre: abandono de residuos, ocio (concertos, festas, deportes, baño), depuración augas residuais, tempestades/inundacións, actividades agrícolas, aportes fluviais, augas pluviais.



O **37%** do lixo mariño ten procedencia marítima: actividades recreativas, acuicultura, cruceiros, pesca profesional e deportiva, transporte marítimo de mercancías, portos (pesqueiros, comerciais, deportivos).





**OS PLÁSTICOS NO MAR
DEGRÁDANSE
FRAGMENTÁNDOSE NOS
MICROPLÁSTICOS**



**SABES QUE SE EMITEN
MICROPLÁSTICOS AO MEDIO MARIÑO
PROCEDENTES DE?:**

- ✓ **Degradación dos pneumáticos**
- ✓ **Produtos cosméticos**
- ✓ **Lavado de téxtiles**
- ✓ **Uso de pinturas**
- ✓ **Limpadores abrasivos**
- ✓ **Campos de céspede artificial**
- ✓ **Pellets de pre-producción**

CAL É O IMPACTO DOS MICROPLÁSTICOS?



- ✓ **Inxestión por parte das especies mariñas**
- ✓ **Transferencia ao longo da cadea alimentaria**
- ✓ **Bioacumulación**
- ✓ **Liberación de contaminantes químicos ao medio mariño**
- ✓ **Degradación de hábitats mariños**

Fonte imaxe: Oceans of plastics. Campus do Mar e Fundación Española para la Ciencia y Tecnología

CANTO TARDA EN DESAPARECER O LIXO NO MAR?

Fonte imaxe: Infografía coas taxas de descomposición de diferentes tipos de lixo mariño. (NOAA/Oliver Lüde)



MAZÁ
2 Meses



**TETRA-
BRICK**
3 Meses



**PAUS DAS
BATEAS**
100 anos



**BOLSA
DE PLÁSTICO**
10-20 Anos



**CAIXA
CARTÓN**
2 Meses



**CONTRA-
CHAPADO**
1-3 Anos



**CUEIRO
DESBOTABLE**
450 Anos



CABICHAS
1-5 Anos



TOALLIÑAS
2-4 Semanas



**CALCETÍNS
DE LÁ**
1-5 Anos



**BOIA DE
ESCUMA**
50 Anos



XORNAL
6 Semanas



**BOTELLA
DE PLÁSTICO**
450 Anos



**ARGOLAS
FOTODEGRA-
DABLES**
6 Meses



TOALLIÑAS
2-4 Semanas



**LATA DE
ALUMINIO**
200 Anos



**VASO DE
POLIESTIRENO**
50 Anos



FÍO DE PESCAR
600 Anos



LATA
50 Anos



**ARGOLAS
DE PLÁSTICO
PARA REFRESCOS**
400 Anos



BOTELLA CRISTAL
Indeterminado



**CAMISA
ALGODÓN**
2-5 Meses

CALES SON AS MEDIDAS PARA EVITAR/DIMINUÍR O LIXO NO MAR?

REALIZAR LIMPEZAS É A ÚNICA SOLUCIÓN?

- ✓ Prevención de fontes marítimas e terrestres.
- ✓ Retirada de lixo mariño.
- ✓ Sensibilización.
- ✓ Eliminación de envases, embalaxes, envoltorios desbotables (actualmente, nos produtos de plástico, o 50% do plástico só se usa unha vez).
- ✓ Redución da produción e do consumo de produtos de plástico.
- ✓ Aumento da **Reutilización e Reciclaxe**.

REDUCE

RECICLA



REUTILIZA



RECICLAR
REDESEÑAR
REDUCIR
REUTILIZAR
REPARAR
RENOVAR
RECUPERAR


MEDIDAS PARA AUMENTAR A RECICLAXE

A RECOLLIDA SEPARADA DE BOTELLAS DE PLÁSTICO EN ESPAÑA FOI DO **36%** NO ANO 2021 E DO **41,3%** NO ANO 2023. **MOI LONXE DOS OBXECTIVOS LEGAIS*:**

✗ 70% EN 2023 ✗ 77% EN 2025

Posto que non se cumpriron os obxectivos marcados*, o Ministerio para la Transición Ecológica tomou a decisión de implantar, en todo o territorio nacional e no prazo de dous anos (2026), un sistema de depósito, devolución e retorno (**SDDR**).

**Lei de envases e residuos de envases (Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases*



Fonte imaxe: Zero Waste Europe

Latas, botellas e briks poderán devolverse a tendas e supermercados, para asegurar a reutilización e a reciclaxe de máis do 90% de todos os envases de bebidas.

BOAS PRÁTICAS NO MARISQUEO


EVITAR/DIMINUIR A CHEGADA DE LIXO AO MAR

MARISQUEO A PÉ



BOAS PRÁCTICAS NO MARISQUEO A PÉ

- ✔ Non leves á zona de traballo bolsas de plástico e envases e embalaxes que poidan voar ou acabar abandonados na praia.
- ✔ Vixía as túas ferramentas, equipos e vestimenta de traballo para que non queden esquecidos na praia.
- ✔ Emprega envases que non sexan de plástico para o control do cupo do marisco diario. Busca materiais naturais ou máis respectuosos e que poidas reutilizar no traballo diario.
- ✔ Se fumas, non botes as cabichas ao mar (deposítaas nun peto ou cinceiro pechado).
- ✔ Non comas durante o traballo, para evitar que os envoltorios voen ou caian na praia.
- ✔ Deposita todos os residuos nos contedores existentes nas zonas de traballo.



BOAS PRÁTICAS NO MARISQUEO


EVITAR/DIMINUIR A CHEGADA DE LIXO AO MAR

MARISQUEO A FLOTE



BOAS PRÁCTICAS NO MARISQUEO A FLOTE

- ✔ Mantén a embarcación ordenada.
- ✔ Non botes lixo ao mar (envoltorios, cabichas, envases, etc).
- ✔ Coida que os teus utensilios e equipos de traballo non acaben perdidos ou abandonados no mar.
- ✔ Intenta diminuír o uso de plástico. Busca materiais alternativos.
- ✔ Recolle os teus residuos para depositalos nos contedores axeitados cando chegues ao porto.
- ✔ Anima a outros usuarios da praia (cidadáns da túa vila, turistas) e do porto e lonxa de Arcade (compradores, transportistas, vixiantes, etc) a que teñan conta de que os residuos non acaben no mar.



NO MAR

-LIXO

**SEN LIXO.
CONFRARÍA DE ARCADE
CONTRA O LIXO
MARIÑO**

+ VIDA

**MAR LIMPO,
MAR VIVO**

Proxecto cofinanciado nun 70% con fondos FEMPA e nun 30% pola Comunidade Autónoma de Galicia.

